

BLOQUE 2.- NACEMENTO DA TRADICIÓN ARTÍSTICA OCCIDENTAL: A ARTE MEDIEVAL

TEMA. - A ESCULTURA ROMÁNICA



Contexto socio-cultural.....completar con tema anterior

Caracteres da escultura románica

As portadas de Santiago de Compostela


- Portada de Praterías
- David de Praterías
- Eva de Praterías
- Tímpano dereito de Praterías
- Tímpano esquerdo de Praterías

CONTEXTO

Aquí podemos por o contexto da Catedral que traballamos no tema anterior pero necesitamos engadir esto

Existe unha relación entre a actividade construtiva da catedral (as fases) e a actividade escultórica.

Nas primeiras fases construtivas a escultura realizase nos capiteis especialmente cunha clara influencia de Santa Fe de Conques e da Catedral de Jaca.



Reconstrución da portada Norte

Aproximadamente cara o ano 1100 realizouse un **programa iconográfico completo** para as tres portas principais da Catedral de Santiago

1. Porta de Acibecheira ou norte:
2. Porta de Praterías ou Meridional:
3. Pórtico da Gloria ou occidental: primeiro pensouse no tema da Transfiguración pero cambiouse

Segundo os historiadores este programa representaría **toda a historia da humanidade desde a Creación, o Pecado e a Redención**. Aínda que se cre que non se chegou a concretar (*a realizar totalmente*) .

Aymeric Picaud establecía unha orde na visita:

- ✓ *se entraba pola porte Norte, símbolo do frío, da rexión sombría, da ausencia de Deus e do Antigo Testamento.*
- ✓ *Atravesaríase o cruceiro e o deambulatorio para ir a venerar o corpo do Apóstolo e logo ir á portada sur, que simboliza a rexión sur, a da luz, a porta da redención e do Novo Testamento.*
- ✓ *Por último iríase á portada occidental onde se pon o sol, símbolo da fin dos tempos, do Xuízo Final*

Estas tres portas **sufriron modificacións** ao longo do tempo:

- a Porta Norte : o programa pensado para ela non se executa totalmente. Chamábase do Paraíso e hoxe chámase Acibecheira. O tema que se trataría nela A Creación, O Pecado e a Expulsión do Paraíso, A Anunciación. Aquí traballan o Mestre do Cordeiro, da Traizón e o de Praterías. Restos delas usáronse en Praterías. Foi substituída no século XVIII por unha fachada neoclásica (imaxe).
- O Pórtico meridional, Praterías, foi remodelado a raíz do incendio de 1117 e no XVIII no que se achegaron esculturas da porta norte. Aquí o programa tiña pensado a representación da Natureza divina e humana de Cristo.



- e o Pórtico Occidental pasou por varias fases:
 - 1.-Primeiro proxectouse un que non e fixo aínda que se tallaron esculturas para el – Transfiguración-
 - 2.-En 1168 o mestre Mateo realiza o Pórtico da Gloria
 - 3.-No século XVIII constrúese diante a Fachada Barroca

Entre as **características xerais** da escultura románica están:


1. **Estar subordinada á arquitectura**
2. **Ter unha temática relixiosa**
3. **Contar cunha función didáctica**
4. **predominar o relevo**
5. **a ausencia do naturalismo: é dicir a presenza do hieratismo, da rixidez e a repetición de tipos**
6. **A Xerarquía na representación:**
7. **e a Estética do feo**
8. **Tamén pode haber unha escultura exenta** que trata dous temas básicos: Cristo crucificado e a Virxe sedente co neno no colo.

Onde se adoita situar a escultura na etapa románica???

1.-Portadas

- **Nas Arquivoltas:**
- **No Tímpano:**
- **No Parteluz ou Mainel:**
- **Nas Xambas:**

2.- Nos capiteis e canzorros



Para concluír dicir que, en xeral, a escultura **románica é xeométrica, estática e de escasa calidade técnica**. A medida que pasa o tempo e grazas aos intercambios culturais –obradoiros itinerantes- fóronse perfeccionando as técnicas, mellorando as proporcións, o movementos, etc..

MOI IMPORTANTE: Na escultura románica as composicións están condicionadas por dúas leis:

- A lei de **adaptación ao marco**
- Lei de **adaptación á función**



COMENTARIO

OBRA: Portada de Praterías ou Portada Sur de Santiago de Compostela

AUTOR: son varios os mestres que traballan nela: **Mestre Praterías (Estevo)**, **Mestre da Traizón** e **Mestre do Año (Cordeiro)**. Tamén mestre de Conques e o da Trasfiguración e outros...

CRONOLOXÍA: primeira metade do XII (1103-1117) é a máis antiga conservada

ESTILO: escultura románica (avanzada)

Portada meridional da Catedral

É importante por as características anteriores na contextualización

Estamos a ver na imaxe a Portada de Praterías. Unha portada de aparencia caótica e desordenada.

A portada é o lugar preferente á hora de colocar a escultura ao longo da Idade Media (nos tímpanos, xambas, arquivoltas... en maior ou menor medida). Santiago e Praterías é un dos mellores exemplos desto.


A obra que estamos a analizar **estructúrase arquitectónicamente do seguinte xeito:**

Repítese a dobre arcada abucidana nos vans da tribuna. Arquivoltas decoradas e un arco lobulado na parte interna de influencia árabe

Zócalo

Sobre as arcadas un friso

Na parte inferior: Dobre arcada abucinada. Arcos de medio punto. E arquivoltas. Uso de columnas con diversos fustes e materiais. Incluso helicoidais que están como embutidas en piares



Material

O material empregado é **granítico, pedra granítica e mármore**. Os relevos están en **placas de distintos tamaños** e grosor .

Estos relevos escultóricos están

- ✓ Nos dous tímpanos
- ✓ No friso
- ✓ Nas xambas e contrafortes laterais

Tema da Portada

Está fachada correspóndese coa segunda fase constructiva impulsada por Diego Xelmírez.


Que se representa nela? A aparencia caótica débese ao incendio de 1117 e aos engadidos da porta norte. O tema é relixioso e dentro do programa pensado para toda a catedral.

É A Natureza Humana e Divina de Cristo.

- Tímpano dereito: moi **narrativo**, aparecen a *Epifanía* (representa a divindade de Cristo) coa Virxe, o neno, os Reis Magos, e o anxo que os conduce a Belén.
- Debaixo **escenas da Paixón de Cristo** (*Traizón, Prendemento, Flaxelación, Coroación, Curación do cego*, esta última amosa o poder de obrar milagres de Cristo)



- Tímpano esquerdo: **Eva coa caveira no colo** e as **Tentacións de Cristo no deserto** con Cristo rodeado de anxos, con incensarios, e diaños. Os anxos bos axitan o incensario e axúdanlo, por que é Deus e a súa natureza é divina; os diaños tentan ao Señor.
O mal está representado como demoníaco, feos, deformes, case animalizados..



Quen é esta figura feminina despeiteada, co peito ao aire e de anatomía tan vigorosa. Hai dúas interpretacións.

1. A representación do pecado orixinal: Eva é a nai enxendradora de seres mortais
 2. A muller adúltera, como conta Aymeric no Códice Calixtino. A muller que pecou e está castigada a bicar a cabeza do seu amante eternamente. O seu aspecto despeiteado amosa o seu comportamento amoral.(fealdade=maldade)
- Friso e laterais: aparecen **variedade de esculturas** de distintas procedencias entre as que sinalamos *Creación de Adán, Expulsión do Paraíso, o centauro, o David.. e outras que irían destinada á porta oeste. Atopamos a **Santiago entre cipreses** a dereita dunha figura de Cristo. Na parte inferior a figura de **Abraham e un xove con cornos** que podería representar un xove endemoniado que curou Cristo cando baixou do monte Tabor ou, para outros, representa a Moisés. As figuras de Santiago entre cipreses, o endemoniado e Abraham pertencían ao proxecto da primitiva portada occidental.*

Autores


En principio, hai tres autores destacados:

1. Mestre de Praterías
2. Mestre do Cordeiro
3. mestre da Traizón
4. tamén **un cuarto mestre (de Conques)** e un quinto chamado **o da Trasfiguración**

1.-Mestre Praterías (ou Estevo) é o de maior calidade

Trazos:

- ✓ **vigor e vitalidade** das figuras
- ✓ **anatomía coidada** (tibias, nocellos, pulsos) que se amosan a través da roupa.
- ✓ Os rostros **beizos grosos, os ollos avultados** e as **fazulas inchadas** tratamento do cabelo, con **guedellas soltas**
- ✓ **Pernas en aspa**
- ✓ son típicos os **pregues en curvas paralelas en forma de U** que proporcionan efectos de claroescuro.
- ✓ Todo isto dá **as figuras gran expresividade**



Obras: David, Eva con caveira, Creación de Adán, rapaz con león, santo Andrés da xamba, canecillos, etc

Para algún historiador este escultor é o mestre Estevo que traballo na segunda fase constructiva da catedral

2.-Mestre da Traizón: *traballou en León. Recibe influxos do anterior.*

Trazos

É un autor de **estilo narrativo**

- ✓ e máis característico del son as **caras con ollos incrustados** (pupilas escavada, con bigotes cara arriba...) destaca tamén no xeito de poñer **o brazo por diante** do corpo nun intento de gañar o espazo.
- ✓ con tendencia **ao vulto redondo**
- ✓ a representar os **panos cilíndricos**.


Obras: **tímpano dereito de Praterías...** e tamén *expulsión do paraíso, tres apóstolos da parte superior esquerda do friso...*



3.- Mestre do Año (do Cordeiro). Traballou na Porta do Año de San Isidoro de León.

Trazos:

- ✓ as súas anatomías son **monótonas**
- ✓ figuras como **sen vida**
- ✓ e os pregados pouco elegantes e monótonos
- ✓ os **rostros inexpresivos** a pesar de ter os ollos avultados e os beizos grosos.
- ✓ Son figuras con aspecto **moi pulido, moi xeométricas**



Obras: **Xesucristo en maxestade do contraforte (na imaxe)** oeste que antes estaba na fachada norte, **creación de Eva do contraforte dereito...**

4º.- Mestre de Conques: ou das Tentacións:

- ✓ *pelo á taza*
- ✓ *e canon curto*
- ✓ *con figuras de perfil, pes de lado*

Obra: *Flaxelación, Coroación de espiñas e no capitel do avaro do interior*

El TÍMPANO DE LA PASIÓN: La flagelación



Cristo, con nimbo crucífero e atado a una columna por un verdugo, soporta los latigazos de dos personajes situados a su espalda.

Los cuatro evangelistas mencionan muy sucintamente este episodio de la Pasión, pero en ningún caso aparece en su relato la columna: "Pilato, queriendo dar satisfacción a la plebe, les soltó a Barrabás; y a Jesús. **después de haberle azotado, le entregó para que le crucificasen**" Marcos 15: 15. Sin embargo, si existía en el imaginario popular la visión de toda flagelación asociada a la figura del reo atada a una columna y ello explica que esta iconografía sea la habitual a lo largo de toda la historia del arte.:

Es la escena central de este tímpano de la Pasión. El cuerpo semidesnudo de Cristo acentúa su indefensión, su fragilidad ante la violencia de sus verdugos, pero también su aceptación del destino.

5º.- Quinto Mestre: *mestre da Transfiguración. Ten obra no Friso de Praterías e proxectadas para aquel pórtico oeste que non se chegou a facer.*



MOI IMPORTANTE (ESTO QUE POÑO A CONTINUACIÓN ENGADIR EN CADA IMAXE QUE NOS PREGUNTEN DE PRATERIAS)

Conclusión

Todo este conxunto escultórico é unha boa **mostra de escultura románica**.

Que ten de románica?

Aínda que estos exemplos son obras de **diferentes autores e momentos** axústanse perfectamente as características que definen a escultura románica:

- Son de **temática relixiosa** e ten unha finalidade claramente **didáctica**
- Neles vese a **integración coa arquitectura**
- Presentan **deformación**

- Son **representación simbólicas**, comprensibles para os fieis
- Presentan un claro **antinaturalismo**
- Vemos que están ubicadas na portada (timpanos e friso) lugar preferente para escultura románica
- Nela o importante non é a aparencia senon a **esencia do representado** e a súa mensaxe: **a presenza do divino e a presenza do mal**
- **E claramente vese que está sometida esta escultura á lei de adaptación ao marco e a lei da adaptación á función (deformación)**

No caso da escultura de Praterías, aínda que, en xeral, a escultura románica é de escasa calidade técnica (*como dixemos na introducción*) en **Praterías pódese salientar a excepción**, é dicir, a elevada calidade dos distintos mestres que traballaron nos traballos escultóricos de catedral e que nos falan dun **ROMÁNICO avanzado**.

--oOo--